

## Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Febreiro 2005 COMUNICADO

### O prezo do leite descendeu en febreiro de 2005 con respecto ó mes anterior

O prezo do leite percibido polos gandeiros descendeu en febreiro un 2% en relación ó mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en febreiro de 2005, que se situou en 30,7 euros por cen litros, descendeu un 2% con respecto ó prezo de xaneiro. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no -0,5%. Con respecto ó prezo de febreiro de 2004 a variación foi dun 0,2% tanto se se consideran datos corrixidos de estacionalidade como os non corrixidos.

Atendendo ás compoñentes do prezo, en febreiro de 2005 tanto o prezo base como as primas descenden con respecto a xaneiro, o primeiro descende un 2,2% e as segundas un 0,9%. Con respecto a febreiro de 2004 o prezo base descende un 2,9% mentres que as primas aumentaron un 13,7%

### Tódalas provincias sufriron descensos no prezo do leite de febreiro con respecto a xaneiro


Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite descendeu en todas elas en febreiro de 2005 con respecto a xaneiro. O descenso máis elevado produciuse en Pontevedra (-2,3%) seguido de A Coruña (-2,0%), Lugo (-1,95) e por último Ourense (-1,2%). Con respecto a febreiro de 2004 só en A Coruña se produce un aumento do prezo (0,6%), mentres que nas demais prodúcense descensos, -0,6% en Lugo, -0,8% en Ourense e -0,3% en Pontevedra.

#### Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Febreiro 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	30,7	-2,0%	0,2%
Prezo base	24,7	-2,2%	-2,9%
Total primas	6,0	-0,9%	13,7%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Prezo total	30,0	-0,5%	0,2%
Prezo base	24,4	-1,4%	-2,9%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)